

CONCELLO
DE VIGO



CVRIOSIDADES

SO

20
23

VILLA
SOLITA

LI

ALCABRE

VIGO

T

XULLO

AGOSTO

NOITE

MÚSICA

E PATRIMONIO

CURIOSIDADES SOLITA

é un proxecto cultural no que se combina o coñecemento do patrimonio da cidade e a música en directo co obxectivo de converter "Villa Solita" nun espazo de encontro histórico-artístico.

En 2023 presentamos para Curiosidades Solita unha proposta que segue a liña de edicións anteriores cunha programación caracterizada pola intervención de grupos novos ou artistas con referencias musicais pouco comúns e/ou diferenciadoras.

Misturaremos rock, jazz, metal, folk e punk con algunhas doses de trap, co fin de mostrar ao público a un grupo de artistas de diferentes xeracións, pero que teñen no seu ADN unha proposta musical reflexo das súas experiencias e inquedanzas.

7 DE XVLLO

FI LLO AS



Filloas é un artista de pop urbano en galego que aposta por unha música coa que non pararás de bailar e moverte cun estilo baseado na autenticidade das súas letras, que se misturan con ritmos clásicos como o punk con outros máis modernos como o hyperpop ou o trap.

14 DE XVLLLO

FAÍSCAS



Faixas é grupo emerxente formado por Lara e Brais, que a través da voz, a guitarra, a pandeireta e o looper como instrumentos, propoñen un proxecto intimista, en galego, que bebe de diferentes xéneros como o indie e o folk para plasmar as inquedanzas dunha xeración que mira cara atrás nun intento de reflexionar sobre o mundo actual pero sen caer na idealización dun pasado bucólico.

21 DE XVLLO

LAMPREA EXPLOSIVA + ZVNZVN




Nunha dobre sesión contaremos con Lamprea Explosiva, dúo de punk frenético e agresivo que buscan o desmantelamento de toda estrutura de poder para que nin se che ocorra parpadear; e con Zunzún, unha poposta musical que plantea pequenas estruturas mutables, que exploran o ritmo e a repetición dende a



improvisación ata que a forza da desorde actúa e racha todo posible acordo anterior. As guitarras berran, os sintes crepitan e o saxo ouvea porque a casa está a caer.

28 DE XVLLO

ITH



Ith é un príncipe celta que dá nome ao grupo que forman Miguel, Toxo, Alberto, Gonzalo e Lucía. Formado en Xanceda (Mesía-A Coruña) e arredores mantén o principio de facer rock en galego. Tras unha longa traxectoria musical e con catro discos autoeditados, en 2022/2023 sacan o seu novo traballo "Solsticios", unha aposta por un estilo

máis aguerrido e cercano ao rock que os anteriores álbums. A música de Ith guíase polas influencias de diversos grupos do rock, do heavy ou do pop, influencias que achegan cada un dos seus compoñentes, e que se aglutinan nas súas cancións.

04 DE AGOSTO

TXV- VAS- KO



Txuvasko formouse en 2012 da man de Íñigo, voz e guitarra ao que acompañan Fer aos coros e baixo e Manu á batería. Debutan na escena musical en 2012 e en 2014 gravan a súa primeira demo “La semilla de la ira”. Durante 10 anos tocan con diferentes bandas ata que en 2022

entran en Mafia Estudios para gravar o seu primeiro disco de longa duración do que adiantan o single “Revienta” que ven acompañado do seu primeiro videoclip.



11 DE AGOSTO

DOOM- NIGHT



Doomnight é unha banda viguesa de metal gótico con toques sinfónicos e progresivos creada en 2019, e formada por Diego á guitarra, Michelle ao baixo, Iago na batería e Laura como voz solista.

18 DE AGOSTO

SERGIO DE MIGUEL: ATLÁNTIDA



Regresa a Solita Sergio de Miguel acompañado de Víctor Blagoev no baixo eléctrico, Isaac Romagosa á guitarra e Gudy Prada na batería. O pianista e compositor vigués afincado en Bostón presentará o seu último proxecto, "Atlántida", no que fusiona melodías galegas con jazz, flamenco, ritmos latinos e elementos da música clásica. En palabras de Abe Rábade “a música de Sergio é profunda;

dunha madurez compositiva que hibrida elementos impresionistas, latinoamericanos, norteamericanos e galegos. O seu son é nidio; xa toca o que escoita e quere tocar”.

XVLLLO

AGOSTO

07/07/23

21:00
CONCERTO

FILLOAS

04/08/23

21:00
CONCERTO

TXVVASKO

14/07/23

21:00
CONCERTO

FAÍSCAS

11/08/23

21:00
CONCERTO

DOOMNIGHT

21/07/23

21:00
CONCERTO

**LAMPREA
EXPLOSIVA +
ZVNZVN**

18/08/23

21:00
CONCERTO

**SERGIO DE
MIGUEL:
ATLÁNTIDA**

28/07/23

21:00
CONCERTO

ITH

CVRIOSIDADES/
SOLITA

